

O TIO MARCOS D'A PORTELA

Os mandamentos d'o MARCOS
fora d' airexa, son seis:
facer á todos xusticia,
non casarse con ninguén,
falar o gallego enxebre,
cumprir c'o que manda a ley,
loitar pol-o noso adianto
con antusia mo e con fé,
vestir calzós e monteira
peromnia sécula amen.



Teñen os pobos a gala
n-o seu linguaxe falar:
fálase chino n-a China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña,
e n a Alemania, alemán,
soilo os gallegos* agora
hastra vergonza lles dá
falar a melosa e doce
fala que falan seus país.

PARRAFEOS C' O POBO GALLEGO

Ano séntimo

Ourense 12 de Xulio de 1885

Parrafeo oitenta e seis

A BAÑOS.

Os fidalgos porpáranse, cansos d' andaren de riola pol-as ruas d' as suas vilas, a sairen pr' as costas de mar c' o gallo de tomaren baños.

O que hoxe non se baña non é persoa de viso nin home de gusto. Non se toman baños pra reconquerir a saude, nin xiquera pra refrescal-o corpo, pois pra eso abonda botarse de sulago n-o rio d' a cibdá nativa: tómanse baños porque s' estila n-o vrau entre xentes de tono, porqu' é de moda.

Temos balnearios a bau en Galicia, augas que veñen a ser unha casta de meiciñas que curan cuasque todol-os males, vilas d' a costa pol-o xeito d' as lembradas de Suiza, con ribeiras froidas, con montes coroados por unha vexetacion frondente, casifias brancas como manadas de pombas espaxeadas baixo un ceo de nacre e d' ouro, y-arroladas pol-os airiños mais puros, mais frescos, mais arrecendentes e ruxidores. Pero os que san de vraneo, inda que nacesen n-a nosa terra, collen por outros camiños e van alá lonxe, o mais lonxe que poden en busca d' o que non alcóntnan e que teñen tan preto.

Non se libraron d' a fanfurrina d' a moda os fillos d' a nosa terriña. Os fidalgos de Santiago

deixan a Vigo por Santander; os d' a Cruña á Mondariz, á Cuntis, á Castrelo de Miño, á Cortegada, á Baños de Molgas, por calquera d' esoutras augas que aborbollan arrente de Francia, por mais que sepian e conozan que non teñen comparanza co-as nosas augas minerais. O caso é pintala.

Os médecos son os axudantes d' esa moda endiañada. Mandan ós enfermos que viven n-as costas á tomal-as augas, y-aconsellan ós d' as ribeiras que tomen os aires de mar.

Os labregos sempre estamos n-a mesma, e vai e ven o vrau, y-alcóntnanos e déixanos n-a aldea, e de nos consultar con médeco, cicais en-teirado de que non temos cartiños n-a faltriqueira, nin se lle pasa pol-as mentes aconsellarnos que sayamos de vraneo, e por recetar algo si cadra, solamentres nos dín que *tomemos quina*. Ben é verdá que d' aire estamos cheos hastr' o estómago.

N-o mundo político son os baños d' outra xei-tura. Os ministros que campan n-o poleiro d' o poder, toman os aires d' o presupuesto e beben as augas minerais d' ouro co-as que se poñen fonchos e campantes. Xa cansos de tomar aires ou augas, *toman* medidas de Goberno, escomen-

zando por nos medir a rés e concurindo por nos estarricar o pelexo.

As oposiciõs fan como nosoutros, *toman quina*. Os cesantes toman a raxeira d' o sol.

Os que por infruencia ganan un preito, bñanse en auga de rosas, os que o perden afóganse. Os que fan nagocios á conta d' a política, que non son poucos, toman un baño á pracer. Os periodistas que non escriben á xeito d' o Goberno, toman a sombra e van de vraneo á cadea.

Us e outros vámonos aireando namentres que non teñámos que tomar un *baño de terra*.

BOTON D' OURO.

Á E.....

¿Qué tês, miña xoya?
S' estou á tua veira,
por qué entr' os meus brazos
sospiras e tremas?
¿Qué door impracabre
empana a fulxencia
d' os negros olliños
y-a coor d' as meixelas?
¿Non sabes que sinto
congoxas violentas
y-aíás misteriosos
y-angustias sacretas?
¿Non sabes, roliña
que levo n-a testa
con lume d' amores
tua imaxen impresa?
¿Non sabes que morro
por tí, miña nena?
¿Non sabes que t' amo
con louca querencia?
Si brandas nos cinguen
d' o amor as cadeas,
por qué entr' os meus brazos
sospiras e tremas?...

¿Non vês como todo
con falas sacretas
á amores cunvida
n o ceo e n-a terra?
¿Non vês com' a noite
tranquila e serëa,
seus craros fulgores
derrama n-as veigas?
¿Non sintes, ó lonxe,
salayos e queixas
de ventos qu' arrulan
con cántigas tenras?
¿Non vês como brillan
n-o ceo as estrelas?
¿Tampouco elas dormen!
¿Tamén elas velan!...

D' o limpo regato
as augas blanquexan
ós rayos d' a lua
que xogan co-elas
y-esbaran y-esbaran
mainiñas e ledas,
bicando co-a espuma
as frores d' a orela,
enchendo d' arrulos
a noite serëa...
¿Tampouco elas dormen!
¿Tamén elas velan!...

Aló entr' as folliñas
d' os arbres d' a selva,
n-as polas mais altas
qu' o vento abanéa,
os rousiñols tristes
en notas parleiras
lembrando saudades
parês que se queixan
enchendo d' arrulos
a noite serëa...
¿Tampouco eles dormen!
¿Tamén eles velan!...

Orballo d' os ceos
caindo refresca
d' os teus craveliños
as matas bermellas.
Froliñas de grana
qu' os broches non pechan,
qu' espallan coores,
que cheiran e cheiran
enchendo d' aromas
a noite serëa...
¿Tampouco elas dormen!
¿Tamén elas velan!...

Enxuga esas vágoas
e temprá as tuas penas,
qu' as noites d' amores
ay! foxen apresa...
Si sabes que t' amo
con louca querencia,
si sabes as miñas
congoxas sacretas,
por qué entr' os meus brazos
sospiras e tremas?..

Eu quixen á outras
mais sempre á sua veira
sentin o cansanceo;
de cote ond' á elas
eu vinme d' o hastío
envolto n-a bréteña...
Auga que non molla,
lume que non queima,
amor que n-o esprito

sinales non deixa,
 que ven sin legrias
 e fôxe sin pena...
 En cambio ô teu lado
 eu sinto n-a testa
 a loita xigante
 d' estranas demencias,
 loucuras sobrimas,
 latexos d' ideas,
 frebiles angustias,
 n-a sangue arderencias,
 lostregos n-os ollos
 e lume n-as venas...

.....
 Recosta, roliña,
 eiquí a tua cabeza
 que amante refulxe
 co-a luz d' a inocencia,
 e canta, meu ánxel,
 e soña o que queiras...
 Por soilo unha ollada,
 por soilo unha aperta
 y-un bico de lume
 n-a boca bermella
 xa sabes miñ' alma,
 meu sol, miña pelra,
 qu' eu troco as legrias
 y-as grorias eternas...

.....
 ¡Qué noite tan crara!
 As brisas d' a veiga
 salayos d' amantes
 parès qu' arromedan...
 A est' hora a priguiza
 n-o leito espoldrexa:
 non dormen os qu' aman
 a dulce fulxencia
 d' a lua que brila
 risoña e serèa,
 os qu' aman as frores
 y-as aves parleiras...

.....
 Un ánxel n-os brazos,
 un ceo cheo d' estrelas,
 as brisas qu' arrulan
 mainiñas e ledas.
 ¡Qué moito que cante
 feliz o poeta
 s' en arpás de bicos
 as cántigas temprá!
 ¡Qué moito, roliña,
 que tanto te queira!

ALBERTO GARCIA FERREIRO.

Ourense, Xulio de 1885.



COMO SE FAN OS PEDANEOS.

Non habrá un maestro d' escola en cada feigresía, pero non marra, en todasalcontrarendes un boy que muxa, un bácoro que furgue c' os fuciños n-o esterco, un burro que ornee, un can de palleiro que ladre, un galo que cante o cacaracá y-un pedaneo que turre pol-o seu anaquiño de mando.

O pedaneo non nace com' os poetas, que se fai, e non com' os oradores.

N-o dereito eleitoral latexa o xermen d' as pedánias. Son os pedaneos ôsos civís duros de pelar e malos de roer. Nunca falan c' o gobernador, nin viron de lonxe ô rei, á nome de quen se gaban d' exercer o mandião; solamentres teñen tratos e baratos c' o alcalde, e mais por eso os pedaneos cando s' arma unha de paus n-o turreiro d' a parroquia, asumindo a representacion de total-as autoridás d' a terra, soltan ordes como bellotas un carballo que abanean, e probe d' o que s' estrema a dar unha fala, porqu' estonces fai unha arrautada pasando un parte ô xuzgado pra que se destruyan as promeiras dilixencias por desacato.

Por esperencia sabrendes algús o ramo cativo que ll' es entra ôs mozos que se ven envoltos en papel sellado.

O pedaneo é unha devanadoira de leises. Non dependeu a lèr n-a escola, mais vay ond' o señor abade pra que o impona n-o que trai o *Boletín*, e dempois d' escoitar a leutura sin pestanexar, aprica os contos ô caso d' a maneira que os entende, e Dios colla d' a sua mau ôs que lle cayan por banda n-o tocantes â intelixencia d' as reales ordes.

Non fai moitos dias que o pedaneo d' unha parroquia que non lembro por curtesía, sabendo que o ministro d' a Gobernacion decrarara oficialmente o cólera en Madril, dispuxo por sí e ante sí, que os veciños d' a parroquia se decrasen atacados pol-o cólera en cumprimento d' unha órde d' o Goberno, baixo a multa de cinco pesetas por desobedencia, á cada un d' os que de palabra ou por escrito decrasen que s'alcontraban sanos.

Home de xuicio houbo que lle deu á entender o erro, e que lle dixo qu' era unha tolada non tendo novedá como non tiñan, o pasaren por atacados pol-o cólera. Non deixou o pedaneo de reconocer a razon d' o dito, pero contestoulle es-

consolándose: «¡Tí que lle queres, quen manda, manda; puxérono en letras de molde e temos que cumprir o que dispoñe o Goberno!» E grazias ó señor abade que ll' o tirou d' a cabeza non sin traballo (pois tirou como si turrara por un carro), que sinon prántalle un parte ó gobernador d' a provincia dándolle coñecemento de que, cumprindo co-as ó-des d' o Goberno, quedaban atacados d' o cólera todol os veciños d' a parroquia.

O bô d' o pedaneo n-a conversa que tivo c' o señor abade, sostiña a razón d' aquel acordo, dicindo que pra que non-o molesen os partes diarios d' os casos de cólera que se desen n-a súa xurisdición, puñaos a todos atacados d' unha asentada e dempois... que o gobernador acordara conforme a xusticia.

Nantronte fíxose un pedaneo ou un *alcalde de barro*, como ll' es chaman os qu' apuran a verba d' a crítica, e fíxose tal e como corresponde, e por elección, sacado como d' un pozo d' a vontade d' os eleutores, escollido como s' escollen as patacas novas n-un eido, elexido como s' elixe un pano d' herbas n-os comercios ambulantes d' unha feira.

N-o medio e medio d' a praza d' a parroquia puxeron unha mesa coxa. Sobre d' a mesa plantaron unha xerra que levaria seis netos si s' enchese de viño; facía de tinteiro un frasco que fora d' Aceite de bellotas co-a boca fendida. A pruma estaba esgallada, y-os papês como corria vento voaban com' as moscas axoutadas. Os d' a mesa pra que os papês non voasen puxéronlle pedras por riba, nin mais nin menos que si lle deran *cozo* á elección. Os eleutores non viñan, e dempois de pensalo ben, o mais vello d' os que compuñan a mesa, acordou que tocasen a campaña pra convocalos. E déronse unha, .. duas, ... tres, ... moitas campanadas. Algúns qu' andaban n-a recolleita d' o centeo coidaron que algo ll' es ardía. Outros que cubiron os toques de mais lonxe, déronse a pensar n-os enfermos pr' adiviñaren quen estaría morrendo. Os pequerrechos que recadaban o gando n-o monte, escomenzaron a camiñar mais aprêsa, temendo que tocasen ós troncos.

Cuasementos que atinaban todos: ardía algo d' a representación popular, morrián as prácticas constitucionales, e tronaba n-os ceos d' o sentido político.

Os d' a oposición—que tamen non falta quen s' apoia n-a elección d' un pedaneo, pol-o mesmo que hay mais d' un n-a parroquia que cobice selo,—andabana armando ó redor d' aquel colexio ó aire libre, co-a intención de grebar a únea e de lle bater unhos fungueirazos n-a chola ós partidarios d' o Goberno. E non presentaba a cousa bon caris, a xuzgar pol-os fungueiros que levaban n-a mau os que facían a contra, e pol-as trazas que se deron a chamar á garda civil os que facían a trampa.

Os pensamentos que bulían n-a cabeza d' os eleutores, asomellábanse á latexos de xenreira. Os d' a oposición pensaban en esfarelar meolos:

pensaban os d' o Goberno en armalle a gayola ós d' a oposición hastra botalos á presidio.

O presidente perguntou berrando pra cumprir co-a ley si faltaba algun eleutor por votar. Non votara ninguén, mais non houbo quen s' achegase á facer uso d' o seu dereito, entretidos co-a idea de facer uso d' os seus paus con moca. Logo escomenzouse o escrutinio.

Sin agardar pol-o resultado d' a elección e namentres o presidente quedaba metendo a mau n-a xerra, finxindo bulra bulrando, que sacaba d' ela as papeletas que meteran os eleutores, xa o que viñera d' a vila sinalado como pedaneo, camiñaba escontr' a súa bodega c' o gallo de tragner unha xerra rebordando viño pra festexar a súa elección, sin esquecerse de coller á volta n-a taberna d' o tío Aldruco, unha poya de pantrigo y-unha fonte con duas dúceas d' hobos cocidos.

O agasalleiro veciño chegou á tempo pra escoitar d' os lábeos d' o presidente a súa proclamación de pedaneo.

A cirimonia eleitoral xa iba rallando e non era cousa de remexer mais n-a xerra que facía d' urnia ventando aqueloutra xerra que facía de bota.

Sobre d' a mesma mesa que se puxeran á eleixir escomenzaron á tomar un taco.

Os d' a oposición desapareceran pol-a congostra veciña de car' á taberna, indo cicais á botar un trago, en troques de que non poideran votar á secas.

Anoitecía; n-o ceo non había nubes, pero ós d' a mesa antoxóuselless qu' iban á chover paus e fóronse por onde viñeran, non sin que dinantes a xerra que fixera d' urnia s' enchese de viño tres veces arreo n-a bodega d' o elexido.

Ausí se fan os pedaneos.

¿A QUÉN LL' O CONTAN?

Que os gobernantes precuran, traballan e non acouban dende que collen as rendas pra facer a sorte nosa; que os deputados n-as Córtes discursos á centos botan, os dereitos defendendo d' a crase traballadora; qu' están pra servir ó pobo os que non pagan e cobran; que os ministros contra gusto asentanse n-as poltronas; que os partidos pol-a pátria móvense, viven e loitan, eso que nós din á miúdo en discursos e memorias, o que os que mandan latrican y-os que non mandan parolan, pol-o moito que o repiten e pol-o pouco que o proban, étranos por unha orella e vains sair por outra,

e pica un pouquiño en bulra
e vai pasando de groma.
¿Terannos cicais por parvos?
¿A quen ll' o contan?

Os zumezugas que gastan
lanvita, e que poñen botas,
os que se calzan e visten
e trunfan á nosa conta,
son os promeiros que xuran
(¡si xurar ô inferno foran!)
sempre que falan d' os probes
que traguemos cirigolas,
e que calzamos us zocos
con cravos com' os d' as portas,
que os labregos son escravos,
que cuasementes non logran
depois de pagar as rendas
y-os trabucos que lles botan,
xuntar pra manter os fillos
con patacas, caldo e broa;
e n-esas faladurías
que nin un ichavo costan,
indo mais alá, sosteñen
que a democracia groriosa,
o progreso, a libertade,
as ideas redentoras
que baraxan como queren
e que ô seu gusto acomodan,
son n-este sigro d' as luces,
y-a escuras estando as chouzas,
d' os males que nos acaban
a meiciña milagrosa;
¡como si xa non soubéramos
qu' eses falares son grolas!
que mande quen mande, temos
o mesmo mañan que agora
que dar fillos pra o servicio,
diñeiro pr' as arcas fondas
d' o Tesouro, que non deben
ter fondos segun as probas,
pois non s' enchen nunca, nunca
por diñeiro que lles botan,
que pagarlle ôs señorios
as cántimas mais noxosas,
que darlle ô sachó decote
caindo o suor a gotas
pra que produzan as terras
froitos e graus e mais froitos,
e que andar pelingrinando
que faga sol ou que chova,
n-o inverno e n-o vrau presoiro!
chamando de porta en porta
si cadra pra vermos xuntos
vinte reás n-unha roda,
namentres que os que padrican
dende Madril esas cousas,
por non teren que facer
póñense a tornar as moscas,
e xantan hastra fartarse
comidas apetitosas,
onde anda o prebe co-a febra
un ôso buscando á toupas,

e beben viño estranxeiro,
e toman café de Moca:
¡Ora o demo, nin que fóramos
necoriños que s' emboban
con calquer chilindrada
que diante os ollos lle poñan,
ou con medio carambelo
que lles acheguen á boca!
¿Teránnos ou non por parvos?
¿a quen ll' o contan?

Din que a ilustracion é luz
que ôs homes guia hastr' a gloria,
e nosoutros en Galicia
cuasque non temos escolas,
pois están d' o lugar lonxe
e pra que a rexenten, soltan
cinco centos de pesetas
pra que co-elas vista e coma
e se regale o maestro
un ano o mellor que pódea,
de sorte que langranean
os probes co-a fame loba
e non teñen nin alentos
pra falaren n-as escolas.
Din que a riqueza n-a industria
e n-o comercio s'alcontra,
y-en lle dar á agricultura
novo impulso e vida nova,
y-estas tres lembradas fontes,
fontes d' a riqueza nosa,
lonxe d'alcontrar axuda
d' os Gubernos ¡vaiche boa!
péganlles cada sangría,
póñenlle tantas ventosas,
que á pasos de morte as deixan
e por milagre non toupan.
Nos, xa se vé, con pacencia
camiñamos pr' as ancollas,
e vamos acabadiños,
e vivimos á mioca,
e xogando ás catro esquinas
co-a fame por nos ter conta
si n-esta casa n-hay lume,
non s'alcendeu n-aqueloutra,
e van criando a furruxe
sartés, potes e cazolas.
¿Pra que nos veñen con contos?
¿A qué andaren con andrómenas?
¿Por qué non falan en prata?
¿Pra que viren con revoltas?
O d' a redencion d' as crases
probes e traballadoras,
o d' o progreso d' o sigro,
o d' a ilustracion e d' outras
ideas de democracia
que se nos ruben á chola,
pero que non se practican
nin tan xiquera de groma
entre os labregos que levan
calzós, monteira e corozas,
¿á quen mil xuncras ll' o enxergan?
¿A quen ll' o contan?



O dia vinte véndense os fielatos e garitas onde se poñen á usma pol-a noite os gardas de portas.

Cuasementes qu' estou atentado a mercaos pra os queimar n-o lume. Son chirimbolos que non ven os labregos con bós ollos.

O presidente d' o Consello de ministros xa sanou d' as gorxas.

Fólgome de que s' alcontre ben d' as tragadeiras. Cos-Gayola tamen as ten boas.

Alabado sea Dios.

Nantronte n-unha redada que botaron ô Miño preto de Santa María de Melias, abranqueron us pescadores trinta dúcias de peixes e duas de troitas.

A min non me pasma: con botar á xeito unha redada n-a nosa vila un dia de feira, o mais lerdo pescaria todol-os peixes e troitas que n-o rio d' a política d' as aldeas pican n-o cebo e non tragan o anzuelo.

¡E que peixes! ¡E que troitas! En Ourense cóléanse en seco n-os pasillos d' o Goberno civil, pra írense dempois ô rio n-os seus concellos.

¡Ay D. Aurelio, si empregase n-unha paella algús d' eses peixes non faltaria quen lle puxese lume debaixo d' a cazola!

En Ourense estabreceron o hospital de coléricos preto d' o camposanto.

D' esta maneira non levan os enfermos mal camiño.

Farán o derradeiro viaxe pol-o atallo.

¡Probes d' os probes!

As mulleres de Betanzos armaron unha alqueirada pol-a mor d' os consumos.

Mais de millenta c' unha bandeira moura feita d' un pano d' oito puntas, andiveron berreando pol-a vila: «¡Abaixo os chanchulleiros! ¡Abaixo o alcalde! ¡Abaixo os conservadores!»

Estes berros dánme mala espiña. Eso de que as mulleres berren «¡Abaixo!» porque lle toquen n-o estómago... ¡ten perendengues!

As alqueirantes puxeron en anacos o bando d' o señor alcalde e fixeron trizas o coiro d' o tamboril d' o pregoeiro.

As autoridás pra contelas ordearon que se lles dese unha carga de caballería.

¡Vállame Dios e que cousas fan as autoridás d' a nosa terra! ¿Non abundaría que a carga fose d' infantaría?

As betanceiras lucíronse mais que os betanceiros n-a rebolicio de mil oitocentos cincoenta e catro.

--Betanceiros, ¿qué pedindes?—díxolles o xefe d' o movemento dende a solaina d' o Concello.

E déronse por satisfeitos con pedir que s' abaratase a broa, que saisen os mómoros e que lles leesen as soflamas que trouxeran os edecás d' a Cruña.

—¿Qué viva boto eu?—perguntou un d' os subrevados.

—¡Vivan os fillos de Padilla!—respondéronlle.

O noso betanceiro, que non tiña alá boas entendedeiras que digamos, atrabucando a espresion, escomenzou á berrar como si lle turrasen pol-o redaño: «¡Vivan os fillos de familia!»

As betanceiras non andan con vivas nin con morras: berran ¡abaixo!

¡Por ehí, por ehí!

Tamén as leiteiras de Pontevedra por non pagar o leite pol-a nova, emprendérona á cantazo limpo c' os gardas de portas, e segun din os periódicos, coláronse n-a vila sin pagar pol-a nova nin pol-a vella.

Pra min non deixan de teren razon.

¿Por qué mil xuncras han de pagar as leiteiras pol-a introducion d' o leite?

Xa teñen d' abondo con munguilo.

Os labregos qu' iban ô rianxo armáronse de mocas e tamén s' apuxeron á pagar, e tamén entraron sin daren as cadelas, cicais pra se libraren os de consumos de tomar un almorzo de moca.

O maor d' os d' a rebolicio iba d' acanchaperua n-un burro e co-a moca ô lombo.

Aquel era d' os meus: d' os d' a arma d' a caballería gallega.

Deprocátome de porque os gardas non lle darían o ¡alto! ¿A qué foi por non diciren xooo?

As leises de Cos-Gayola están chamadas á ser en Galicia un furmigueiro de lidas d' o demo.

¡Rayo c' os de Pontevedra,
e vaya si teñen fumos!
Queren pagar os consumos
á escoller, con moca ou pedra.

Eu non sei como hei facer
co-eses ratos d' os correos,
que roen n-os parrafeos
como nunca vin roer:
si eu tivera un Oliver
ás miñas ordes disposto,
xuro que n-o mes d' Agosto
non quedaba un solo d' eles
que pisase n-os papeles
como se pisa n-o mosto.

Esta sonata deberáselle cantar solfeando n-as costelas ô estafeteiro de Vilar de Barrio, ô de Cenlle, ô de Vilar de Rey y-autros.



N-un periódico d' esta vila cóntanos un comisionista como e de que maneira o xefe d' a estacion de Barbantes lle bateu unha de paus d' a que foi a poñerse en cura n-o Carballiño.

Pra que non dubiden d' a súa palabra, asegura qu' inda ten n-o corpo as sinais d' a malladura.

Noutras cousas con vélo abonda, mais n-o tocantes a restregas de lombo basta con que non-as negue quen as levou.

O xefe de Barbantes inda estará agardando á que ll' as devolva.

Os carabineros que presenciaron o feito e non acodiron en axuda d' o mallado hastra dempois de que se perderon algúis fungueirazos n-o aire, conécese que dixeron pr' o seu capote: «Esta deluba non é de contrabando, é d' as lexítimas e vay *precintada.*»

O magoadado ten a espranza de que a empresa d' o camiño de ferro d' Ourense a Vigo deixa cesante ô xefe d' a Estacion de Barbantes.

¡Vaiche n-a misa en Conxo a cesantía!

Por ehí m' as dean todas, dirá o xerente señor de Canto-rin-eu.

¿Que o feito é bárbaro? Conveño n-elo, mais, ¿non é pra estes casos a xusticia catalana?



Apareceu á porta d' un estanco hinchado e morto, un cadelino branco.

Un fumador que por alí pasaba

din qu' escriamou ô vélo:

«¡Pra que deprendas, Xan! Este cadelo cinco pesos apostado á que fumaba.

Os cas eiquí xa non lles dan morcilla...

¿Enton de que morreu? ¡O dito, dito,

pra min fumou un pito

feito d' o polvo d' unha cagetilla!»

¿Tería razon? ¡Quén sabe! Este Gobierno

o tabaco que trae, traino d' o inferno.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. E. V., Carballiño.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' Agosto.

D. C. D., Oulego.—Recibin seis pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. B. C., Carballiño.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. A. P., Tuy.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. P. C., Benavente.—O mesmo.

D. G. V. M., Celanova.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastra fin d' Agosto.

D. F. P., Lisboa.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' Outubro.

D. C. L., Vitoria.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' o mes que corre. Pódeme escribir o que lle praza pol-o mesmo camiño e pol-a mesma direucion.

D. F. R. R. F., Bouzas.—Recibin dazaioito reás pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre. Teño en conta o seu consello. Non teño que lle dispensar: vosté sábea toda e ben se goberna, si cadra xa botaremos esa pinguiña n-esa ou n-estoutra vila.

D. R. M. I., Mondoñedo.—Recibin unha libranza de seis pesetas, tres pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano, e tres pol-a de D. X. B. P. d' esa vila hastra o mesmo tempo. Dinantes de recibir a súa xa lle mandara os parrafeos, pois xa sabe que pra min son órdes as suas advertencias.

Pol-o que vexo, a primeira remesa achantáronlla n-o correo.

D. S. P., Mondoñedo.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. F. F., San Amaro.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' este mes.

D. V. L., Vilamartin.—Recibin duas pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' este ano.

D. X. G. G., San Amaro.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' este mes.

D. R. L. G., Rubiana.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. X. C. E., San Lucar de Barrameda.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastra fin de Setembre.

D. R. G., Verin.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre.

D. S. O. D., Layas.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastra fin de Decembre.

D. C. R., Punxin.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros d' o pasado Xunio.

D. A. R., Cea.—Recibin seis pesetas pol-a súa suscripcion hastra fin d' este ano.

D. M. G., Carballiño.—Recibin tres pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Decembre.

D. X. M., Canedo-Ponte.—O mesmo.

D. X. M. A., Gudiña.—Recibin catro pesetas pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Xunio.

D. L. A., Requeixo.—Recibin seis reás pol-a súa suscripcion hastr' os derradeiros de Setembre.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE,



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fólío, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o pais gallego.

SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

ADIMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriciós é por adelantado. ~~Os números soltos véndense á dos centimos de peseta.~~
Os pagos faranse en letras d' o xiro.

A COMPETIDORA D' A NEVE

GRAN FRABICA DE GASEOSAS,

OURENSE—Rúa de San Miguel, 16, baixo, conserxería d' a Union—OURENSE

Non terlle medo a raxeira
d' o sol, nin tampouco ô cólera
namentres haxa n-a Union
os sitós de gaseosas;
con levar n-a faltriqueira
dez cadelas en dez rodas,
pidir un sifon, e darlle
a un gancho que ten á volta,
pol-o canuto dianteiro
sai un auga que consola,
é fresquiña como a neve
anque parés que afervoa:
fai ô bebela, n-os labeos
non sei que xuncras de cóxegas,

que parés que os anxeliños
as maus n-os poñen n-a boca;
tanto n-os refresca e prace
cando pasa pol-a gorxa,
que asemella a auga d' o ceo
que por embudo n-os botan,
é cai d' un xeito n-o estomago
qu' o refrixera e conforta.
Non houbo un home n-o mundo,
que bebendo gaseosa
mórrese de indixestion
ou sentise a sede loba.
porque vos é unha bebida
que com' ela non hay outra

